

Regulamento 02/2025, do 26 de febreiro, do Consello de Goberno, dos Servizos de Apoio á Investigación (SAI) da Universidade da Coruña

PREÁMBULO	1
CAPÍTULO I. Disposicións xerais	2
Artigo 1. Denominación e adscrición.....	2
Artigo 2. Finalidades	2
CAPÍTULO II. Estrutura e xestión.....	2
Artigo 3. Estrutura	2
Artigo 4. Dirección dos SAI	3
Artigo 5. Responsable de calidade	4
Artigo 6. Comisión Técnica dos SAI.....	4
Artigo 7. Comisión de Usuarios/as	5
Artigo 8. Asesores/as científicos/as	6
Artigo 9. Participación dos SAI en actividades de investigación	7
Artigo 10. Outras actividades dos SAI	8
Artigo. 11. Calidade do servizo	8
CAPÍTULO III. Réxime económico do SAI.....	8
Artigo 12. Réxime económico	8

PREÁMBULO

Os Servizos de Apoio á Investigación da Universidade da Coruña, desde a súa creación en 1993 amparándose no artigo 172 dos daquela vixentes Estatutos da Universidade da Coruña, teñen como obxectivo optimizar os recursos científicos da institución, potenciar a capacidade investigadora da universidade e conseguir o seu máximo rendemento ao facer accesibles os devanditos recursos a outros investigadores externos e atender así mesmo, a crecente demanda doutros organismos e entidades públicas e privadas.

Debido á expansión e ao desenvolvemento que experimentaron os servizos durante os últimos anos e ao interese na súa potenciación, faise necesario adecuar a súa estrutura organizativa á nova realidade e manter as súas finalidades. Para poder asumir estes obxectivos, a Universidade velará para que os Servizos de Apoio á Investigación dispoñan dun equipamento idóneo e dun persoal cualificado.

CAPÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Denominación e adscrición

1. Os Servizos de Apoio á Investigación (SAI) son unha estrutura organizativa da Universidade da Coruña (UDC) que agrupa infraestruturas instrumentais de apoio a tarefas de investigación.
2. Os SAI están adscritos á vicerreitoría con competencias en materia de investigación.

Artigo 2. Finalidades

As finalidades dos SAI son:

- a) Darlle soporte á investigación dos diferentes departamentos, grupos, centros e institutos universitarios de investigación da UDC, así como tamén a outros centros públicos e privados, quer de forma individual, quer no marco de convenios, de concertos ou de acordos que establecer a Universidade.
- b) Desenvolver os métodos e as técnicas de apoio á investigación para mellorar e ampliar as súas prestacións de acordo coas directrices da política científica da Universidade da Coruña.
- c) Asesorar á comunidade universitaria nas cuestións comprendidas no seu ámbito de actuación e difundir os seus servizos.
- d) Proporcionar formación técnica especializada nos ámbitos de competencia dos servizos.
- e) Contribuír como elemento activo nas relacións universidade-empresa e en xeral, universidade-sociedade, no campo da prestación de servizos e do desenvolvemento de metodoloxía, directamente ou en colaboración con outros centros, institutos universitarios, departamentos ou investigadores/as da universidade.

CAPÍTULO II. Estrutura e xestión

Artigo 3. Estrutura

1. Os SAI estarán constituídos polas seguintes unidades analíticas:
 - a) Unidade de Análise Estrutural
 - b) Unidade de Bioloxía Molecular
 - c) Unidade de Espectrometría de Plasma-Masas
 - d) Unidade de Espectroscopía Molecular
 - e) Unidade de Microscopía
 - f) Unidade de Técnicas Cromatográficas e Análise de Augas
 - g) Unidade de Técnicas Instrumentais de Análise

Estas unidades poderán reunir diferentes técnicas relacionadas entre si e estarán coordinadas, cada unha de elas, por un/unha técnico/a coordinador/a.

Os SAI contarán cunha unidade de xestión administrativa, denominada Unidade de Coordinación de Laboratorios.

Estas unidades poderán ser modificadas ou suprimidas por resolución reitoral, por iniciativa da persoa que ocupe a vicerreitoría con competencias en materia de investigación, previo informe da dirección dos SAI e da Comisión de Usuarios.

2. Os SAI contarán cun/ha director/a a quen corresponderá a dirección xeral e técnica dos Servizos.

3. Os aspectos relacionados coa implantación e co mantemento dun sistema de xestión da calidade nos servizos serán dirixidos pola persoa responsable de calidade, que contará coa colaboración da Unidade Técnica de Calidade da UDC.

4. O/a vicerreitor/a con competencias en materia de investigación poderá designar os/as asesores/as científicos/as que considerar necesario para axudar o desenvolvemento científico dos SAI.

Artigo 4. Dirección dos SAI

1. O/a director/a dos SAI será nomeado/a polo/a reitor/a e o seu mandato terá unha duración máxima de seis anos, a proposta da vicerreitoría con competencias en materia de investigación. O seu cesamento poderá acordarse en calquera momento polo/a reitor/a, a proposta do/a vicerreitor/a con competencias en materia de investigación.

2. Son competencias do/a director/a dos SAI:

a) Representar os servizos/unidades que constitúen os SAI.

b) Exercer a dirección científico-técnica e xeral dos SAI, de acordo coa política científica que definir a UDC, así como a dirección funcional do persoal adscrito aos SAI.

c) Coordinar e velar polo cumprimento das competencias da Comisión Técnica e da Comisión de Usuarios, convocalas e presidilas no caso de delegación do/a vicerreitor/a con competencias en materia de investigación.

d) Elaborar e executar os plans de desenvolvemento dos SAI, especialmente no que se refire á captación de recursos externos, proposta de acordos, convenios ou plans de interese para os SAI, baixo a supervisión do/a vicerreitor/a con competencias en materia de investigación.

e) Crear e, se for o caso, participar en comisións específicas que traballaren sobre asuntos científicos, técnicos e económicos dos SAI.

f) Promover e velar pola implantación e o mantemento dos sistemas de calidade e doutros sistemas de control e de xestión dos que quixeren dotarse os SAI e pola acreditación dos servizos ofertados polos SAI.

g) Elaborar o anteproxecto do orzamento e dos planos de desenvolvemento adscritos aos SAI e executar, baixo a supervisión do/a vicerreitor/a con competencias en

materia de investigación estes orzamentos e os seus planos.

h) Resolver solicitudes que presentaren dificultades a respecto dos criterios de utilización dos diferentes servizos.

i) Velar polo cumprimento deste regulamento e da normativa de réxime interno dos SAI.

j) Outras competencias que, non correspondendo a outros órganos, se lle poidan atribuír.

Artigo 5. Responsable de calidade

1. A persoa responsable de calidade dos SAI será nomeada polo/a reitor/a, a proposta do/a director/a dos SAI e co visto e praxe do/a vicerreitor/a con competencias en materia de investigación, por un período máximo de seis anos. O seu cesamento poderá acordarse en calquera momento polo/a reitor/a a proposta do/a director/a e co visto e praxe do/a vicerreitor/a con competencias en materia de investigación.

2. Son competencias da persoa responsable de calidade dos SAI:

a) Actuar como representante da dirección no relativo aos procesos de calidade.

b) Verificar e comunicar á dirección a implantación do Sistema de Xestión da Calidade.

c) Difundir a política de calidade, así como as esixencias do Sistema de Xestión da Calidade.

d) Elaborar e revisar o Manual de Calidade e os procedementos xerais.

e) Revisar as instrucións e procedementos técnicos.

f) Participar na elaboración dos plans de mellora incluídos no Sistema de Xestión da Calidade, e realizar o seguimento periódico do seu avance.

g) Propoñer á dirección indicadores de seguimento da actividade dos SAI e realizar o seguimento dos mesmos.

h) Elaborar o informe de funcionamento e desempeño do Sistema de Xestión da Calidade, incluíndo calquera oportunidade de mellora. Este informe será revisado pola dirección.

i) Identificar as desviacións do sistema de xestión, establecer accións correctivas e realizar o seguimento destas ata o seu peche.

j) Avaliar as queixas ou reclamacións recibidas por parte dos usuarios dos SAI, e propor respostas ao director/a.

k) Exercer como responsable do sistema informático de xestión dos SAI.

Artigo 6. Comisión Técnica dos SAI

1. A Comisión Técnica dos SAI estará conformada polo/a vicerreitor/a con competencias en materia de investigación, que a presidirá, polo/a director/a, como vicepresidente/a, e os seguintes membros dos SAI, que actuarán como secretario/a

de forma rotatoria: as persoas coordinadoras de cada unha das unidades, tres representantes do resto do persoal técnico das unidades analíticas e un representante da unidade de xestión administrativa.

2. A Comisión Técnica dos SAI será a responsable de adoptar as medidas necesarias para o funcionamento adecuado dos servizos, de acordo coa política da vicerreitoría con competencias en materia de investigación e a Comisión de Usuarios, así como de asegurar a coordinación do funcionamento das distintas unidades dos SAI.

En concreto correspóndelle á Comisión Técnica:

- a) propoñer procesos e mecanismos de coordinación interna dos SAI;
- b) establecer canles de comunicación efectivas entre os membros dos SAI;
- c) xestionar as infraestruturas e os equipamentos comúns;
- d) elaborar propostas e solicitudes de novo equipamento, de necesidades de persoal e de tarifas;
- e) outras competencias que lle encomendar a dirección.

3. A Comisión Técnica reunirse cunha frecuencia mínima de seis meses e será convocada polo/a vicerreitor/a con competencias en materia de investigación.

4. Para a elección dos representantes de persoal técnico, a dirección dos SAI organizará un proceso electivo, que se rexerá pola normativa electoral xeral, coas seguintes particularidades:

- a) A circunscrición electoral será única e conformaraa todo o persoal técnico dos SAI que non sexa membro nato da Comisión Técnica.
- b) Será elixible todo o persoal técnico dos SAI que non sexa membro nato da Comisión Técnica Publicación.

5. A pertenza destes membros á Comisión Técnica será por un período de seis anos.

Artigo 7. Comisión de Usuarios/as

1. A participación das persoas usuarias da UDC no seguimento das actividades dos SAI realizarase a través da Comisión de Usuarios/as.

2. A comisión estará constituída polo/a vicerreitor/a con competencias en materia de investigación, que a presidirá, pola persoa directora dos SAI, que actuará de vicepresidente/a, por unha persoa representante das usuarias por cada unha das unidades, e tres representantes do persoal adscrito aos servizos. De entre os representantes dos/as usuarios/as e o persoal elixirase un/ha secretario/a.

3. As persoas representantes das usuarias serán nomeadas, por un período máximo de 6 anos, pola Comisión de Investigación a proposta da vicerreitoría con competencias en materia de investigación. A Comisión de Investigación informará ao Consello de Goberno deste nomeamento.

A designación das persoas que actuarán como representantes dos/as usuarios/as

realizarse de acordo coas seguintes regras:

- a) Cada persoa coordinadora de unidade solicitará na súa unidade unha proposta de candidatos/as a representante das persoas usuarias que teñan estado activos durante os dous anos anteriores.
- b) Se houber máis dun/ha candidato/a, a persoa coordinadora buscará un consenso entre os aspirantes. En caso de non conseguirse, realizarase un sorteo para escoller á persoa representante. Co resto de candidatos/as non designados, crearase unha lista de suplentes segundo a orde resultante do sorteo.
- c) Se nunha unidade non houber ningunha persoa candidata, corresponderá á dirección dos SAI e á vicerreitoría con competencias en materia de investigación a procura da mesma para propor á comisión.

Procurarase unha ampla representatividade de áreas e centros, na medida do posible. Unha persoa usuaria non poderá representar a máis dunha unidade. Corresponderá á dirección a resolución das duplicidades mediante o emprego da lista de suplentes.

4. As tres persoas representantes do persoal dos SAI serán designadas por un período máximo de 6 anos. Para a súa elección, a dirección organizará un proceso electivo conforme ao disposto no artigo 6.

5. Competencias da Comisión de Usuarios/as:

- a) definir as condicións para ser usuario/a dos SAI e as causas de perda desta condición;
- b) propor novas liñas de traballo;
- c) informar sobre as necesidades do persoal investigador e sobre as disfuncións que se detectaren no funcionamento das distintas unidades;
- d) propor plans de mellora relativos a prestacións, funcionamento, infraestruturas, equipamento e dotación das unidades dos SAI;
- e) propor adecuacións ou modificacións da normativa de funcionamento dos SAI;
- f) revisar e, se for o caso, aprobar a proposta de tarifas presentada pola Comisión Técnica para a súa elevación ao Consello Social.

6. A Comisión de Usuarios/as reunirse, cando menos, dúas veces por ano por convocatoria da vicerreitoría con competencias en materia de investigación ou por petición, como mínimo, da terceira parte dos seus membros. Se as circunstancias do servizo así o requiriren, poderán convocarse individualmente reunións coas persoas usuarias de unidades ou de técnicas concretas por petición da dirección dos SAI, das persoas representantes dos/as usuarios/as da unidade ou do seu técnico coordinador.

Artigo 8. Asesores/as científicos/as

Para aquelas unidades ou áreas de traballo que polas súas características e polas súas prestacións así o requiran, a vicerreitoría con competencias en materia de investigación poderá designar, por proposta da dirección dos SAI, un/ha ou varios/as

asesores/as científicos/as, de entre o persoal con plena capacidade investigadora da UDC que sexa experto/a nos fundamentos e nas aplicacións da instrumentación correspondente.

As funcións dos/as asesores/as científicos/as serán asistir á dirección do SAI e o/a vicerreitor/a con competencias en materia de investigación en aspectos científicos, técnicos e de xestión que se relacionaren cos SAI, na definición do ámbito científico de actuación destes, na creación de novas unidades no SAI ou na remodelación das xa existentes e, en definitiva, contribuíren ao desenvolvemento científico e técnico dos SAI.

En función das necesidades dos SAI, das técnicas instrumentais que se involucraren e do seu ámbito de coñecemento, o persoal asesor científico poderá constituír un único comité multidisciplinar ou ser asesor directo das distintas unidades.

Artigo 9. Participación dos SAI en actividades de investigación

1. Os SAI poderán participar en:

a) Traballos científico-técnicos liderados desde os propios servizos ou en que participen os servizos como tales. A realización destas actividades require que a dirección dos SAI conte coa autorización expresa da vicerreitoría con competencias en materia de investigación.

b) Actividades de investigación lideradas por persoal investigador da UDC, doutras universidades ou doutros centros públicos. Os membros dos SAI poderán participar nestes proxectos sempre que cumpran as seguintes condicións e que se conte coa autorización expresa da vicerreitoría con competencias en materia de investigación:

1.º A actividade no proxecto de investigación do persoal dos SAI levarase a cabo fóra da súa xornada laboral.

2.º A participación deste persoal dos SAI no proxecto de investigación poderá ser unicamente en réxime de tempo parcial.

3.º A participación deste persoal dos SAI no proxecto de investigación non alterará a relación e o modo de traballo do grupo investigador cos SAI.

4.º A actividade do persoal dos SAI como investigador do proxecto non poderá consistir na realización de análises ou traballos que se ofrezan nos SAI como servizo e estean tarifados.

5.º O membro dos SAI que participe nun proxecto de investigación deberá presentar anualmente un informe á dirección dos SAI resumindo as actividades realizadas.

2. Para solicitar a autorización da vicerreitoría con competencias en materia de investigación, o/a investigador/a principal do proxecto deberá remitir por escrito á dirección dos SAI unha solicitude formal xunto cun breve resumo do proxecto que se quere realizar, no que indicará as actividades, o plano de traballo e as contribucións

que realizará o membro dos SAI. A vicerreitoría con competencias en materia de investigación, á vista do informe emitido pola dirección dos SAI, autorizará ou denegará de xeito motivado a solicitude.

Artigo 10. Outras actividades dos SAI

1. Os SAI poderán promover, organizar ou participar en cursos de especialización ou capacitación para usuarios/as que garden relación coas técnicas ou prestacións que se desenvolveren.

A organización destas actividades planificarase adecuadamente, contará coa autorización da dirección e, se for o caso, coa colaboración dos/as asesores/as científicos/as e da Comisión de Usuarios/as.

A realización e/ou participación dos SAI ou dos seus membros nestas actividades figurará nos formularios habilitados para este fin.

2. Os SAI organizarán actividades e xornadas de portas abertas co obxecto de promocionar e fomentar o coñecemento dos SAI e dos seus recursos na contorna socio-económica.

Ademais os SAI poderán, a petición dos/as usuarios/as, organizar visitas guiadas aos seus laboratorios para dar a coñecer os seus servizos. Os/as usuarios/as deberán realizar a súa solicitude mediante os formularios normalizados dispoñibles na páxina web dos SAI. A atención das solicitudes estarán suxeitas á carga de traballo e dispoñibilidade dos servizos.

3. O persoal docente da UDC poderá solicitar o uso dos equipos ou instalacións dos SAI para o desenvolvemento de prácticas docentes correspondentes a estudos relacionados impartidos na UDC.

Os SAI determinarán as instalacións e equipos dispoñibles para esta opción, seguindo criterios científicos, técnicos ou de accesibilidade.

As prácticas serán atendidas en todo momento polo persoal docente responsable das mesmas, que contará coa asistencia técnica do persoal dos SAI.

Artigo 11. Calidade do servizo

Os SAI habilitarán un sistema de recollida de información sobre o grao de satisfacción das persoas usuarias polos servizos recibidos e porán a dispor destes a través da súa páxina web, un sistema de recollida de queixas, reclamacións, parabéns e suxestións. O tratamento das queixas e reclamacións realizarase de acordo co procedemento aprobado no servizo, que estará a disposición das persoas usuarias, previa solicitude á dirección.

CAPÍTULO III. Réxime económico do SAI

Artigo 12. Réxime económico

1. A dotación económica dos SAI estará consignada como tal nos orzamentos xerais

da UDC.

2. O Consello Social da Universidade da Coruña aprobará anualmente o cadro de tarifas que se aplicarán nas unidades con especificación das diferentes modalidades, segundo a natureza e a relación institucional dos/as usuarios/as.

3. As persoas usuarias dos SAI pagarán polos servizos prestados conforme ás seguintes tarifas:

- a) Tarifa A para usuarios/as pertencentes a equipos de investigación da UDC.
- b) Tarifa B para usuarios/as de administracións públicas.
- c) Tarifa C a empresas privadas e outros/as usuarios/as non incluídos nos apartados anteriores.

As prestacións solicitadas por membros da comunidade universitaria da UDC, sempre e cando teñan carácter puntual e non estean vinculadas a actividades económicas ou empresariais, facturaranse de acordo coa tarifa A, aplicando o correspondente IVE.

4. As tarifas vixentes estarán a dispor das persoas usuarias na páxina web dos SAI, así como nas distintas unidades.

Disposición derogatoria. Derogación normativa

Derrógase o Regulamento dos SAI aprobado no Consello de Goberno do 4 de novembro de 2005, así como todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste regulamento.

Disposición final primeira. Habilitación regulamentaria

Habilítase a vicerreitoría con competencias en materia de investigación para desenvolver este regulamento e interpretar as dúbidas que poidan xurdir na súa aplicación, mediante as instrucións que sexan oportunas, que deberán ser publicadas no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da Sede electrónica da UDC no caso de ter alcance xeral.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte de que se publique no TEO da Sede Electrónica da UDC.

O reitor

Ricardo J. Cao Abad